



Concello de Boiro

EXPEDIENTE 1601/2020

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: REVOGACIÓN DO DECRETO DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN DE CONTAXIO POR COVID-19

O Concello Boiro, nun decreto publicado o 2 de decembro de 2020, acordou o peche temporal de instalacións e actividades deportivas e culturais debido ao número de contaxios e a declaración do Nivel 3 de alerta e de vixilancia especial no municipio.

Nun decreto posterior, do 11 de decembro de 2021, acordouse a cancelación temporal do mercado semanal de venda non sedentaria que se celebra os martes.

Tento en conta a evolución da pandemia no municipio, o 7 de xaneiro de 2021 acordouse a apertura de instalacións deportivas municipais de exterior para a práctica de deporte federado.

Tendo en conta agora a evolución da pandemia no municipio e a incidencia acumulada acórdanse, coincidindo coa relaxación das restricións decretadas pola Consellería de Sanidade, deixar sen efecto as medidas establecidas para o control da situación epidemiolóxica e retomar, de xeito progresivo, as actividades nas instalacións municipais e organizadas polo Concello, a expensas da evolución do número de contaxios.

En virtude do exposto, e no uso das atribucións que me son propias

RESOLVO

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto as medidas preventivas decretadas para a cancelación de actividades que se realizan en dependencias municipais e/ ou que dependan do concello. Deste xeito, retómanse as seguintes actividades, seguindo sempre as medidas de seguridade e hixiene decretadas polas autoridades sanitarias:

- a) Actividades deportivas en interior e exterior. Uso de pistas e instalacións deportivas.
- b) Actividades culturais e lúdicas.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4NGERXJGKEEPXN7PJUJ5QJY9P | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Boiro

- c) Xuntanzas de entidades, asociacións e grupos.
- d) Bibliotecas municipais e salas de estudo para préstamo e devolución así como estancia en sala.
- e) Parques infantís, pistas deportivas e parques biosaudables.

SEGUNDO.- Reanúdase o mercado semanal de venda non sedentaria (mercadillo), que se celebra os martes na Avenida da Constitución cun cincuenta por cento dos postos máximos autorizados, que se colocaran de maneira alterna cambiando cada semana.

TERCEIRO.- Todo o anterior exposto está suxeito ás restricións decretadas polas autoridades sanitarias e a que se cumpran todas as limitacións e medidas xerais de seguridade e hixiene decretadas para o control da pandemia.

Boiro, na data que se indica na marxe, na sinatura dixital.

José Luís Ruíz Laíño, alcalde accidental.

Severino Abalo Chouza, secretario accidental, que da fe.

ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 4NGERXJGKEEPXN7PJJJ5QJY9P | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2